

ANUNCIO 1ª MODIFICACION REGULAMENTO DE FUNCIONAMIENTO DO SERVICIO DE VELATORIO MUNICIPAL

Aprobada inicialmente polo Pleno do Concello na súa sesión de data 26-09-2019 a 1ª Modificación do Regulamento de Funcionamento do Servizo de Velatorio/TANATORIO do Concello de Soutomaior, publícase co obxecto de dar audiencia á cidadanía afectada e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades durante o prazo de 30 días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As modificacións comprenden os aspectos seguintes:

Título:

Adáptase aos novos servizos, quedando redactado como: “Regulamento de funcionamento do Servizo de Tanatorio Municipal de Soutomaior e inhumacións e exhumacións nos cemiterios municipais”.

Artigos que se modifican:

Artigo 1:

Substituír: “... e 155.2 do texto refundido....., de 16 de xuño, polo Concello...”

Por: “...e art. 284 da Lei 9/2017 de Contratos de Sector Público, de 8 de novembro (LCSP), polo Concello...”

Artigo 3:

Engadir: “... no presente Regulamento. Tamén se aplicará ás inhumacións e exhumacións nos cemiterios municipais.”

Artigo 5:

Substituír: “O velatorio deberá...”

Por: “Os servizos relacionados co tanatorio, inhumacións e exhumacións deberán...”

Substituír: “... ó Decreto 134/1998... da Comunidade Autónoma de Galicia.”

Por: “... ó Decreto 151/2014 de 20 de novembro de Sanidade Mortuoria de Galicia.”

Substituír: “... no devandito Decreto 134/1998, neste...”

Por: “... no devandito Decreto 151/2014, neste...”

Substituír: “... neste senso...nel.”

Por: “... neste senso considerase tanatorio un establecemento funerario habilitado como lugar de etapa do cadáver entre o lugar de falecemento e o



destino final, debidamente acondicionado para a realización das técnicas de tanatopraxia, tanatoestética e para exposición dos cadáveres.”

Artigo 6:

Substituír: “...demais material... obxectos.”

Por: “... demais material, un adecuado sistema de eliminación de roupas e outros obxectos, así como as ferramentas e materiais precisos para realizar as

inhumacións e exhumacións.”

Substituír: “... o velatorio... condicións.”

Por: “... o tanatorio municipal disporá dos servizos de tanatopraxia e tanatoestética.”

Engadese novo Artigo 7: SOBRE AS INHUMACIÓNS E EXHUMACIÓNS.

Artigo 7: Convertese en Artigo 8.

Engadir: “... legalmente corresponda. - Igualmente cumprimentará o libro de rexistro establecido polo Decreto 151/2014 relativo os cemiterios.”

Substituír: “... ou traslado. ... de ningún tipo ...”

Por: “... ou traslado. Estes servizos, incluída a inhumación non devengarán prezo de ningún tipo ...”

Artigo 8: Convertese en Artigo 9.

Substituír: “O velatorio deberá ...”

Por: “O tanatorio e os servizos de inhumación e exhumación deberán ...”

Artigo 9: Convertese en Artigo 10.

Engadir: “... neste Regulamento.

O horario das inhumacións será de 9 a 18 horas de outubro a maio e de 9 a 20 horas de xuño a setembro.”

Artigo 10: Convertese en Artigo 11.

Substituír: “10. DA SOLICITUDE E RECEPCIÓN DO SERVICIO.”

Por: “10. DA SOLICITUDE E RECEPCIÓN DOS SERVICIOS.”

Substituír: “... e de acordo co art. 19 do Dto 134/1998...”

Por: “En todo caso, de acordo co Dto 151/2014...”

Artigo 11: Convertese en Artigo 12.

Substituír: “... segundo o Decreto 134/1998...”

Por: “... segundo o Decreto 151/2014...”

Artigo 12: Convertese en Artigo 13.

Artigo 13: Convertese en Artigo 14.

Substituír: “... no artigo 12 ...”

Por: “... no artigo 13 ...”

Artigo 14: Convertese en Artigo 15.





CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Substituír: "... desenvolvemento do servizo ..."

Por: "... desenvolvemento dos servizos ..."

Artigo 15: Convertese en Artigo 16.

Substituír: "... constituída polo Decreto ... de Galicia e demais..."

Por: "... constituída polo Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de Sanidade

Mortuoria de Galicia e demais..."

Engadese nova Disposición transitoria.

Disposición final.

Substituír: "Este Regulamento ..."

Por: "Esta modificación do Regulamento ..."

TEXTO CONSOLIDADO:

Regulamento de funcionamento do Servizo de Tanatorio Municipal de Soutomaior e inhumacións e exhumacións nos cemiterios municipais

CAP. I.—ASUNCIÓN DO SERVIZO

1.—De conformidade co previsto nos arts 6 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, 4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, 106 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, 30 a 33 do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e 284 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, de 8 de novembro (LCSP), polo Concello de Soutomaior redáctase o seguinte Regulamento do servizo de Tanatorio municipal, co fin de determina-lo seu réxime xurídico básico de acordo cos citados preceptos.

2.—O servizo público sinalado asúmese expresamente como propio desta Administración, á luz da atribución de competencias prevista no aptdo 2. j) do art.25 da Lei 7/1985.

CAP. II.—ÁMBITO DE APLICACIÓN

3.—O ámbito obxectivo do presente Regulamento está constituído polo conxunto de instalacións integrantes do Tanatorio de titularidade municipal sito en Salgueirón (Arcade), que aparezan inscritas como tales no Inventario de Bens deste Concello, ou que de feito se destinen á prestación do servizo. O seu ámbito subxectivo abarcará a toda aquela persoa que, mediante o pago dun prezo, asuma a posición de usuario das instalacións do tanatorio, de conformidade e co cumprimento dos deberes establecidos no presente Regulamento.





CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Tamén se aplicará ás inhumacións e exhumacións nos cemiterios municipais

CAP. III.—RÉXIME BÁSICO

4. DENOMINACIÓN

O Tanatorio denominarase "Tanatorio municipal de Soutomaior", sen que se poida engadir ningún outro nome, siglas, sinaturas comerciais ou marcas de ningún tipo.

Toda a documentación administrativa do Tanatorio levará impreso o escudo oficial do concello. Os modelos de documentos e impresos deberán de ser, así mesmo, autorizados polo Concello.

5. NORMATIVA REGULADORA. DEFINICIÓNS

Os servizos relacionados co tanatorio, inhumacións e exhumacións deberán en todo momento adaptarse á normativa sanitaria mortuoria, medioambiental, de transportes e demais reguladoras das mesmas que sexa de obrigatoria observancia e, en concreto, ó Decreto 151/2014, do 20 de novembro, de Sanidade Mortuoria de Galicia.

Os efectos previstos neste Regulamento aplicaranse as definicións contempladas no devandito Decreto 151/2014, neste senso considerase tanatorio un establecemento funerario habilitado como lugar de etapa do cadáver entre o lugar de falecemento e o destino final, debidamente acondicionado para a realización das técnicas de tanatopraxia, tanatoestética e para exposición dos cadáveres.

6. INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO

Contará cos medios necesarios para a desinfección de vehículos, enseres, roupas e demais material, un adecuado sistema de eliminación de roupas e outros obxectos, así como as ferramentas e materiais precisos para realizar as inhumacións e exhumacións.

A sala para visitantes estará debidamente amoblada.

O vestíbulo de acceso contará cun teléfono público.

Dado o seu carácter, e de conformidade coa normativa reguladora, o tanatorio municipal disporá dos servizos de tanatopraxia e tanatoestética.

7. DAS INHUMACIÓNS E EXHUMACIÓNS.

7.1.- As inhumacións e exhumacións de cadáveres ou restos rexeranse polas disposicións de carácter hixiénico-sanitarias vixentes. De acordo co Decreto 151/2014, enténdese por cadáver "o corpo humano durante os cinco primeiros anos seguintes á morte real", a partir dos cales terá a consideración de 'restos'.

7.2.- A inhumación dun cadáver poderase realizar, unha vez obtida a licenza de enterramento, transcorridas 24 horas do falecemento e antes de que se cumpran as 48 horas daquel, con excepción dos cadáveres sobre os cales se teñan aplicado técnicas de conservación ou embalsamamento, para os cales rexerán os prazos previstos no decreto 151/2014.

7.3.- o féretro deberá conter exclusivamente o cadáver que se vai inhumar e non poden depositarse dous ou máis no mesmo féretro, agás nos casos



seguintes:

- a) Nais e neonatos falecidos ambos no momento do parto.
- b) Sucesos con vítimas múltiples ou situacións epidemiolóxicas excepcionais.

7.4.- Cando concorran razóns sanitarias que aconsellen a inhumación inmediata dun cadáver ordenarase o seu traslado urxente ao cemiterio para proceder ao seu enterramento.

7.5.- Para a inhumación en nichos, foxas, criptas ou outros monumentos funerarios, procurarase un peche hermético das súas aberturas que impida emanacións e filtracións líquidas. Para este efecto e para o de permitir, non obstante, os cambios necesarios para a posterior desintegración da materia orgánica contida, a súa construción realizarase con materiais que supoñan unha impermeabilidade relativa.

7.6.- Cando teña lugar a inhumación nunha sepultura que conteña outros cadáveres ou restos poderá efectuarse no mesmo acto a redución destes.

Soamente por pedimento expreso do titular, esta operación terá lugar antes do acto do enterro, e, neste caso, será presenciada polo titular ou persoa en quen delegue e sempre que as dispoñibilidades do servizo o permitan.

7.7.- A tramitación dunha inhumación requirira a presentación dos documentos que seguen:

- a) Título da sepultura.
- b) Autorización do Xuíz do Distrito ou do que fose competente nos casos diferentes da morte natural. No momento de presentar o título identificarase a persoa no nome da cal se estendera o título.

7.8.- Se esta tivese falecido, ou non se puidese identificar, autorizarase a inhumación e unha vez efectuada requirirase aos posuidores para que soliciten o traspaso a favor de quen tena dereito. Seguirase o mesmo trámite cando se trate do enterro do titular.

7.9.- A inhumación despacharase nas oficinas do concesionario onde se presentara a documentación pertinente para os efectos de inscribirla no libro de rexistro. Despachada desta forma, a papeleta de enterro entregarase a persoa encargada de realizar as tarefas de enterramento, que a devolvera unha vez efectuado o servizo, coa conformidade. Esixirase o mesmo trámite para a exhumación ou traslado de restos.

7.10.- Unicamente se poderá autorizar a inhumación sen título nos casos que seguen:

- a) Cando sexa o propio titular quen o solicita, alegando extravío do título.
- b) Cando se tena que inhumar ao propio titular autorizarase a súa inhumación sen presentación do título a calquera persoa que compareza, sexa ou non familiar.

7.11.- A exhumación dun cadáver ou restos para reinhumalos fora do recinto requirira a solicitude do titular do dereito funerario e o transcurso de dous anos desde a última inhumación.



Substituirase o féretro por caixa de restos.

Non se permitirán exhumacións en domingo nin días festivos salvo orde da autoridade xudicial.

Exceptúanse do requisito do prazo as exhumacións que seguen:

a) As decretadas por resolución xudicial, que se levasen a cabo en virtude da orde correspondente. embalsamados ou vaian selo no momento da exhumación.

7.12.- As xefaturas territoriais da consellería competente en materia de sanidade autorizarán a exhumación e transporte de cadáveres do grupo 2º definidos no Decreto 151/2014 para a súa reinhumación no mesmo cemiterio utilizando féretro común, ou en cemiterio distinto empregando para iso arcón de traslado. O mesmo sucederá no caso de restos cadavéricos, que poderán ser depositados en caixas de restos. No caso de que o destino final sexa a incineración, utilizarase féretro común ou de incineración.

Para tal efecto, dirixirase unha solicitude segundo o modelo recollido no citado Decreto á persoa titular da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de sanidade, xuntando a partida de defunción literal do cadáver que se pretenda exhumar e o xustificante de pagamento da taxa.

7.13.- Cando interese o traslado dun cadáver ou restos depositados nunha sepultura cun título de dereito funerario a nome dunha persoa finada, para que poida ser autorizado debера solicitarse previamente a transmisión a favor do novo titular.

7.14.- Cando o traslado deba efectuarse a outro cemiterio, será preciso que se achegue autorización do organismo de sanidade competente e dos documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos esixidos.

8. OBRIGAS DA CONCESIONARIA DO SERVICIO

A entidade que xestione o Tanatorio Municipal terá as seguintes obrigas:

Levará a cabo o coidado, limpeza, acondicionamento, mantemento e vixilancia das instalacións.

Garantirá permanentemente que os accesos así como as dependencias de tránsito e estancia do público teñan accesos e circulacións independentes das de tránsito, permanencia, tratamento e exposición dos cadáveres.

Disporá do persoal, material e equipamento necesario para atender os servizos ofertados, garantindo un adecuado nivel de hixiene e o cumprimento da normativa vixente en materia de seguridade e hixiene no traballo.

Levará un Libro Rexistro no que inscribirá os datos dos cadáveres que se depositen nas instalacións, con mención de día e hora de entrada e saída, empresa que realiza os traslados, documentación administrativa que acompañe ó cadáver e demais circunstancias que legalmente corresponda.

Igualmente cumprimentará o libro de rexistro establecido polo Decreto 151/2014 relativo os cemiterios.





CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Manterá, a disposición dos usuarios, un libro de reclamacións e suxestións, debidamente foliado, numerado e selado co do Concello.

Gardará nun depósito, en axeitadas condicións, ós cadáveres e restos mortais de persoas indixentes ou que carezan de familiares coñecidos,

que sexan precisados polo Concello, ata a súa posterior inhumación ou traslado. Estes servizos, incluída a inhumación non devengarán prezo de ningún tipo a non ser que con posterioridade se determinen os familiares da persoa finada, caso no que, ó considerarse o servizo como de recepción obrigatoria, deberá de aboarse o prezo polos mesmos.

Levará a cabo, en definitiva, tódalas actuacións necesarias para garantir o acomodo das instalacións ós requisitos precisados na normativa aplicable, así como desenvolve-lo servizo con estrita suxeición á mesma.

9. DO PERSOAL

O tanatorio e os servizos de inhumación e exhumación deberán de contar, no seu horario de funcionamento, co persoal en número adecuado para a prestación do servizo. O persoal irá uniformado, debendo de ser previamente aprobado o uniforme pola Alcaldía ou Concellería delegada do servizo.

10. DO HORARIO DE PRESTACIÓN DOS SERVICIOS

O tanatorio prestará servizo 24 horas ó día, tódolos días do ano. Non obstante, non será preciso que o persoal encargado se atope constantemente nas instalacións, senón que estará necesariamente dispoñible para os servizos puntuais que se demanden.

A tal fin, a concesionaria do servizo facilitará un número de teléfono de atención ó público, número que se anunciará nas propias instalacións do tanatorio e constará nas correspondentes guías.

Unha vez demandado o servizo deberá de garantirse a continuidade da persoa encargada das instalacións ata o traslado do cadáver e o cumprimento das restantes obrigas contidas neste Regulamento.

O horario das inhumacións será de 9 a 18 horas de outubro a maio e de 9 a 20 horas de xuño a setembro.

11. DA SOLICITUDE E RECEPCIÓN DO SERVICIO

A prestación do servizo efectuarase de conformidade co principio constitucional de igualdade. A preferencia para a prestación do servizo corresponderá ó que, con estrita suxeición ó orde temporal, primeiro o solicite.

En todo caso, de acordo co Dto 151/2014, o tanatorio dará servizo únicamente ós finados no Concello de Soutomaior ou ós que se leven a inhumar nel.

CAP. IV.—DEREITOS E DEBERES DOS USUARIOS

12. SON DEREITOS DOS USUARIOS DOS SERVICIOS

Recibi-los servizos en condicións de respecto á intimidade, á dignidade, ás conviccións relixiosas, filosóficas ou culturais e á dor das persoas afectadas.



- Ter acceso ós servizos en condicións básicas de igualdade.
- Recibi-lo asesoramento imprescindible para garanti-lo proceso correcto ata a inhumación do cadáver. Este asesoramento incluírá información sobre os trámites legais a seguir e segundo os requisitos e prácticas sanitarias esixibles segundo o Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de Sanitaria Mortuoria de Galicia e demais normativa de aplicación.
- Recibi-los servizos nas condicións sanitarias esixibles e con continuidade.
- Os demais dereitos recoñecidos pola normativa de aplicación.

Estes dereitos deberán de ser garantidos polo Concello, tendo dereito os particulares a esixi-la súa observancia a través dos sistemas de participación fixados pola Lei 7/1985 Reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997 de Administración local de Galicia.

13. DEBERES DOS USUARIOS DO SERVICIO

- Paga-lo prezo establecido na ordenanza ou acordo correspondente.
- O acatamento das instrucións que, en cumprimento deste Regulamento ou da normativa xeral reguladora, lle sexan dadas polo Concello ou xestor responsable.
- O pagamento dos danos ocasionados ás instalacións mediando dolo ou culpa.

CAP. V.—POTESTADES DO CONCELLO

14.—

A fin de garanti-la axeitada utilización das instalacións comprendidas no presente Regulamento, o Concello disporá das seguintes potestades:

- Esixi-lo pagamento do prezo correspondente para permiti-lo acceso as instalacións.
- Obriga-lo cumprimento dos deberes sinalados no artigo 12, podendo proceder ó desaloxo dos usuarios en caso contrario.

CAP. VI.—RECLAMACIÓNS E RECURSOS

15.—

Calquera deficiencia observada no normal desenvolvemento do servizo aquí regulamentado, así como nas instrucións dadas polo persoal encargado ou xestor do servizo, poderán ser obxecto de reclamación ou recurso administrativo diante do órgano competente do Concello de Soutomaior.

CAP. VII.—SUPLETORIEDADE

16. No non expresamente sinalado neste Regulamento, será de aplicación o establecido na lexislación local relativa ós seus servizos, á que en todo caso se adaptará. Así mesmo deberá de terse en conta a normativa sectorial, constituída polo Decreto 151/2014, do 20 de novembro, de Sanitaria Mortuoria de Galicia e demais normativa estatal ó que o mesmo se refire ou que sexa de aplicación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os aspectos relacionados coa transformación do velatorio en tanatorio, non





CONCELLO DE SOUTOMAIOR

serán de aplicación ata que estean executadas as obras correspondentes polo concesionario e obtidos os permisos e autorizacións correspondentes.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta modificación do Regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello e publicado integramente no B.O.P, sempre e cando transcorrera o prazo sinalado polo art. 65.2 por remisión do 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

